

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 3 novembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

AUGA SALGADA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

Jaime Naya, violín

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Maximino Zumalave



PROGRAMA

I

XABIER DE PAZ (1963-)

Tra l'acqua salata*

PIOTR ILYICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

Concerto para violín en Re maior, op. 35 TH 59

Allegro moderato

Canzonetta: Andante

Finale: Allegro vivacissimo

II

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)

Sinfonía núm. 2 en Re maior, op. 36

Adagio Molto - Allegro con brio

Larghetto


Scherzo: Allegro

Allegro Molto

*Estrea absoluta

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director

Maximino Zumalave

Violín

Jaime Naya

VIOLÍNS I

Adriana Winkler
(concertino)
Anca Smeu **
Ildikó Oltai
Yulia Petrushevskaya
Victoria Jurov
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Michal Ryczel
Daniel Kordubaylo
Juan Pablo
Calderón ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Irina Gruia
Helena Sengelow
Samira Ajkic
Ana Lasaoa ***
Celia Montañez ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Anne
Schlossmacher **
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Thomas Piel
Carlos García
Millán Abeledo
Iryna Mozorova ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Pablo Rincón ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino
Assunção (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Belén Carril ***

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Joan García ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llätser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

MAXIMINO ZUMALAVE DIRECTOR

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. É director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela.

Con el actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmás Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Johnson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros.

Frecuente e moi especial era a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, a Sinfónica de Praga, a Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras. É invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais. Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo; coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buide, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez

2022

ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música; así, Torrente Ballester envíalle unha obra «lamentando que no pueda ser una sinfonía» e a poetisa Eva Veiga escribe:

*...Maximino,
que coas súas mans do silencio arrinca
a máis pura poesía,
no espacio fuxidía
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995 foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. No período 2010-2018 foi membro do Plenario, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega e, desde 2014, formou parte da Comisión Executiva desta institución. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao e en 2016 foi distinguido co Premio da Cultura Galega.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

JAIME NAYA VIOLÍN

Nado no ano 2000, inicia os seus estudos musicais aos cinco anos na Escola de Alto Rendemento Fatkulín Academy. É bolseiro pola Comunidade de Madrid e paralelamente obtén o Título Profesional de Música na Especialidade de Violín con Premio Fin de Grao e Premio Especial de Música da CAM en 2013.

Desde o comezo da súa formación participou en numerosos cursos de perfeccionamento e recibe asiduamente masterclass de prestixiosos músicos nacionais e internacionais –Kirill Troussov, Pavel Vernikov, Giorgi Dimchevski, Massimo Spadamo, Sergei Fatkulín, Mikhail Ovrutsky, Tatiana Samouil, Esther Yoo, Aine Suzuki, Pawel Radzinski...- destacando entre eles o recibido en 2019 da man do prestixioso violinista Vadim Repin, organizada ex profeso polo Centro Superior Katarina Gurska e o Ciclo Golberg.

Actualmente cursa os seus estudos no Centro Superior de Música Katarina Gurska, sendo bolseiro nos cinco últimos anos tras obter en todos eles o primeiro premio no Concurso ao Talento Musical da Fundación Katarina Gurska.

Desde os 10 anos cultivou numerosos premios dentro e fóra do noso país, entre os que destacan: o primeiro premio Leonid Kogan International Competition for Young Violinists 2020 ou o primeiro premio no Concurso ao Talento Musical da Fundación Katarina Gurska (Madrid 2021, 2020, 2019, 2018, 2017).

2022

Debuta no ano 2015 como solista no Auditorio Nacional acompañado pola Orquestra Sinfónica JMJ, onde tamén actuou en posteriores ocasións, a última delas en maio de 2021. Así mesmo, foi solista no Palau da Música de Barcelona, o ADDA de Alacante, o Auditorio Edgar Neville de Málaga, o Auditorio Miguel Delibes de Valladolid, o Teatro Afundación de Vigo, o Teatro Circo de Orihuela, o Auditorio de Torreveja e o Teatro Canónigos de La Granja de San Ildefonso...

Ao longo destes anos ofreceu recitais en numerosas salas españolas: Museo do Romanticismo de Madrid, Ateneo de Madrid, Centro Cibeles, Casa da Moeda, Teatros das Sociedades Filharmónicas de Oviedo, Avilés e Xixón, Auditorio Jesús Guridi de Vitoria, Corral de Comedias e Aula de Música de Alcalá de Henares, Teatro Ideal de Calahorra, Sala Eutherpe de León...

Paralela á súa faceta de solista, Jaime Naya desenvolve tamén un importante labor camerístico, da que son mostra os recitais que ofreceu recentemente en compañía do pianista Andrey Yarosinsky en Madrid, Sevilla, León e Segovia, e a súa interpretación como compoñente do Trío Brahms do Concerto Triplo de Beethoven no Auditorio Miguel Delibes de Valladolid baixo a batuta do mestre Dimitris Botinis.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


Xabier de Paz comezou os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, continuándoos nos de Santiago de Compostela e Madrid. Asiste a cursos de Composición e Análise con Joan Guinjoan e traballa con Zbigniew Rudzinski e Franz Hummel nos 37 e 38 Internationale Jugendfestspieltreffen Bayreuth, Alemaña. Bolseiro da Deputación Provincial de A Coruña, estudou composición con Stephen Gryc e James Sellars na *Hartt School of Music*, University of Hartford (Estados Unidos), onde completou un Mestrado en Composición, Cursos de Música Electrónica e Composición por ordenador. En 1993 foi gañador do Premio SGAE para novos compositores coa obra *Sentado sobre un golfo de sombra*, estreada no Auditorio Nacional de Música de Madrid polo grupo LIM, con dirección de José Vicent Egea. En 1994 gañou o Premio Edward Diemente da Hartt School of Music, University of Hartford e en 1996, foi bolseiro do Ministerio de Asuntos Exteriores na Academia Española de Historia, Arqueología y Bellas Artes de Roma. En 1997, recibiu o Premio Andrés Gaos na

súa primeira edición coa obra *Das Ausencias I* e ese mesmo ano, foi compositor residente da JONDE. As súas composicións teñen sonado en concerto en España, Alemaña, Francia, Italia, Portugal e EEUU, interpretadas, entre outros, polos pianistas Ana Vega Toscano, Jean Pierre Dupuy, Juan Pablo Arias e Fermín Bernetxea, polo Quartett Musik Akademie de Varsovia, Grupo Isar Cámara, polos violas David Quiggle, Vladimir Rosinskij e Mauro Abenante, o Dúo Corostola-Carra, o violinista Florián Vlashi, o Ensemble Solars Vortices de Avignon (J. P. Dupuy como director), The Hartt Sinfonietta, a Real Filharmonía de Galicia, baixo a batuta de M. Zumalave e A. Ros Marbà, a JONDE con J. L. Novo e C. Domínguez-Nieto, a Sinfónica de Galicia dirixida M. Zumalave, J. R. Encinar e J. Judd e os Solistas da New York Philharmonic Orchestra coa dirección de T. León. Xabier de Paz ten recibido encargos de Jean Pierre Dupuy, a USC para as VII Xornadas de Música Contemporánea, os Cursos de Música en Compostela 1994, a Deputación Provincial de A Coruña para as X Xornadas de Música Contemporánea, a Orquestra

Sinfónica de Galicia, o Pavillón de España na Expo 2000 Hannover, a Joven Orquesta Nacional de España e a Real Filharmonía de Galicia. Colaborou co Instituto Complutense de Ciencias Musicales na edición crítica das zarzuelas *Los sobrinos del capitán Grant* de Caballero e *Pan y toros* e *Mis dos mujeres* de Barbieri, estas últimas conxuntamente co musicólogo Emilio Casares. Xabier de Paz é membro fundador da Asociación Galega de Compositores. A obra que se estrea neste programa, *Tra l'acqua salata*, está dedicada á memoria do compositor Xan Viaño.

Piotr Ilyich Chaikovski é un dos compositores románticos máis representativos, tanto pola natureza da súa música como polo devir da súa axitada vida persoal, apaixonante e mesmo contraditoria. Representou unha tendencia claramente cosmopolita e foi quen de fusionar elementos nacionalistas rusos coa tradición clásica, algo palpable no seu ecléctico catálogo que inclúe obras relevantes de case todos os xéneros existentes, pezas cuxa beleza ven da ilimitada riqueza da súa expresión melódica da emoción, o seu traballo

harmónico, o seu sentido do ritmo e a súa mestría para acadar un esplendor orquestral identificador do seu estilo. Cando o compositor iniciou a escritura deste concerto, deixaba o seu posto de profesor no Conservatorio de Moscova e fracasaba o seu matrimonio con Antonina Ivanovna Miliukova. A procura de tranquilidade levouno á ribeira do suízo lago Lemán e alí, comezou a recibir axuda económica da mecenas Nadezhda Filaretovna von Meck —coa que se relacionou unicamente por correspondencia—, á que tempo despois engadiu unha pensión vitalicia do Zar Alejandro III, admirador da súa música. Todo iso, permitiulle recobrar o optimismo e compoñer o *Concerto para violín e orquestra* cuxo primeiro bosquexo data da primavera de 1878 e, en compañía do virtuoso violinista ruso Josef Kotek, desenvolveron a parte solista. En varias cartas á súa benfeitora, o compositor escribiu: “o primeiro movemento está listo, satisfaimo, en cambio non estou contento co *Andante*, terei que modificalo totalmente ou compoñer un novo, mentres que o *Finale* tamén quedou logrado” e engadía



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

días despois: “compuxen hoxe outro *Andante* que se adapta mellor aos outros movementos [...] empezarei a realizar a súa orquestración”. Rematada a partitura destinada a Kotek polo seu compromiso para estrea, este tras lela, renunciou. Dese xeito, a peza foi dedicada ao famoso Leopold von Auer, quen non quixo aprender a obra argumentando que era imposible de interpretar, o mesmo sucedelle a Émile Sauret. Finalmente a partitura chegou a Adolf Brodsky quen, ata a estrea impulsada por Hans Richter, tivo altibaixos coa peza recoñecendo ‘demasiadas dificultades’. En todo caso, o éxito xeral da música de Chaikovski non foi inmediato e aínda que non tardou en ser popular en todo o mundo; como exemplo, a primeira execución deste concerto na Viena de 1881 da que o crítico Edward Hanslick escribiu: “O novo e pretencioso concerto de Chaikovski procede con musicalidade só durante algúns instantes, e ben pronto sobrevén a rudeza... O *Andante*, coa súa melancolía eslava, fai que nos reconciliemos coa obra, pero de novo as nosas ilusións veñen abaixo, pois o *Finale* conduce á brutalidade desenfreada dunha orxía

rusa, e parécenos ver só rostros plebeos e obtusos, oír brutais blasfemias e ulir o cheiro dunha augardente de mala calidade...”. Mais cando Brodsky interpretou o concerto en Moscova e Londres, recolleu o aplauso do público ademais do agradecemento do compositor substituíndo na partitura o nome de Auer —quen finalmente tocou a peza en numerosas ocasións— polo do seu primeiro intérprete como dedicatario.

A *Sinfonía núm. 2* está escrita nunha etapa de prolífica actividade creativa de Ludwig van Beethoven, pero tamén nun dos momentos máis dolorosos da súa existencia. En 1802, como case todos os veráns, Beethoven instalouse en Heiligenstadt para descansar, esta vez por consello médico. Aló decatouse que a súa xordeira medraba e era irreversible o que o sumiu nunha fonda tristeza. Incapaz de ocultar a súa afección, comezou a escribir un documento que gardou coidadosamente, o que foi chamado *O Testamento* de Heiligenstadt, atopado nun agocho segredo do seu escritorio, xunto á carta á ‘Amada Inmortal’ datada

en 1812. Este documento, escrito baixo forte tensión emocional e cunha calidade de inmediato e gran impacto manifesta, claramente, a personalidade de Beethoven. Na primeira parte dese 'testamento', o compositor revelaba a enfermidade e a anguria fronte a ela e a segunda, escrita días máis tarde, pode parecer o prólogo do escrito con anterioridade. Sen embargo, a alma do testamento non encontra aínda a súa transferencia no mundo sonoro do autor pois a forza e a enerxía de Beethoven empezaban a asomar e serían o alicerce da súa estética, camiño da era romántica. Sempre se afirma que esta obra serviu de bisagra entre a etapa claramente clásica, con vistas ao XVIII, e aquela desde a que se albiscaba o romanticismo incipiente. Aínda que formalmente, a partitura desta *Segunda Sinfonía* non ofrece grandes novidades respecto dos esquemas do clasicismo vienés, tras a súa estrea en abril de 1803, J. F. Rochlitz, crítico musical, escribiu no *Allgemeine Musikalische Zeitung*: "Esta é a obra dun revolucionario, e estou seguro de que estará viva moito despois que mil pezas de moda, hoxe célebres, teñan

desaparecido no esquecemento". A desbordante imaxinación de Beethoven convértese en riqueza e frondosidade das ideas musicais, sen que sexan un atranco as formas prefixadas. O primeiro movemento iniciase cunha longa introdución (*Adagio molto*), onde aparecen algunhas fórmulas melódicas que se van definindo, cada vez máis, e serán importantes no transcurso da obra. A seguir, un *Allegro con brio*, cun primeiro tema de increíble sinxeleza, mais rico en posibilidades sinfónicas evidentes no propio desenvolvemento. O *Larghetto* é cantable, melódico e aparece envolto na sonoridade matizada dos clarinetes. Co terceiro movemento, Beethoven abandona o minueto para adoptar un *scherzo* — que preludia o da *Sinfonía Heroica*— de maior flexibilidade formal, maior enerxía rítmica e un ímpeto expresivo capaces de converter aos *scherzos* beethovenianos en modelos para a historia e pechar a partitura cun movemento final con temas de esplendorosa fantasía e maxistral tratamento dialogado, cheo de paixón, axitación e pulo dramático.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 17 novembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

B.S.O.

CINEUROPA

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Timothy Brock, director

Foolish Wives

Director: Erich von Stroheim, 1922

Música: Timothy Brock, 2022

*Estrea en Europa da restauración desta película e da música

Xoves 24 novembro 2022

Auditorio de Galicia, 20:30 h

INSPIRACIÓN

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Tom Borrow, piano

- Serguei Rachmaninov: Concerto para piano núm. 3 en Re menor, op. 30
- Sofia Gubaidulina: Fairytale Poem (Poema de conto de fadas)
- Dmitri Shostakovich: Sinfonía nº 9 en Mi Bemol Maior, op. 70

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel



**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCILIO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA